



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - [federacion@atletismo.gal](mailto:federacion@atletismo.gal)

[atletismo.gal](http://atletismo.gal) - [carreirasgalegas.com](http://carreirasgalegas.com) C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

### **CIRCULAR 146-2026**

#### **XVIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA TRAIL RUNNING – CARREIRAS DE MONTAÑA**

**Art.1).-** A Federación Galega de Atletismo organiza, o 29 de agosto en Folgoso do Caurel, o Campionato Xunta de Galicia Trail Running – Carreiras de Montaña.

**Art.2).-** Poderán participar atletas, das categorías Sub 16 e superiores, con licenza en vigor pola FGA e válida para as probas de trail running (licenza plus ou corredor).

**Art.3).-** As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 24 de agosto.

**Art.4).-** Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 26 de agosto e serán remitidas a [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)

**Art.5).-** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Recollida de dorsais:
  - o Sábado 29 de 8:30 ata 30' antes do comezo de cada proba nas inmediacións da zona de saída.
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

#### **Art.6).- Cámara de chamadas**

Os participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma e deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.

**Art.7).-** Horario e lugar de saída: [\(perfís ao final do documento\)](#)

| <b>APERTURA<br/>C. CHAMADAS</b> | <b>PECHE<br/>C. CHAMADAS</b> | <b>HORA<br/>SAÍDA</b> | <b>DISTANCIA</b> | <b>DESNIVEL</b> | <b>CATEGORÍAS</b>       | <b>PECHE<br/>CONTROL</b> |
|---------------------------------|------------------------------|-----------------------|------------------|-----------------|-------------------------|--------------------------|
| 9:30                            | 9:50                         | 10:00                 | 17.25 km aprox   | 1450 m + aprox  | Sub 23, Sénior e Máster | 13:50*                   |
| 10:30                           | 10:50                        | 11:00                 | 7,2 km aprox     | 500 m + aprox   | Sub 16, Sub 18 e Sub 20 | 13:00*                   |

\*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira.

**Localización da saída e meta:**

Praza do Concello de Folgoso do Caurel: <https://maps.app.goo.gl/pmpfHChCwYJZxXUy7>

#### **Art.8).- Abastecementos.**

- A proba será en autosuficiencia, podendo levar consigo un sistema de hidratación.
- A asistencia externa non está permitida e non haberá abastecementos en carreira.
- Poderase facer uso de fontes naturais ou elementos propios do percorrido por onde discorre a proba, sen abandonar o trazado do mesmo.



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

### **Art.9).- Material Obrigatorio.**

O material estará revisado polo comité galego de xuíces, podendo facerse total ou parcialmente en saída, meta ou durante o percorrido.

A FGA, atendendo á meteoroloxía, poderá modificar as seguintes listaxes ata o 26 de agosto, mediante a publicación dunha circular anexa.

#### **Listaxe de material obrigatorio:**

- Dorsal visible na parte frontal.
- Sistema de hidratación con capacidade mínima de 250 ml na proba longa.
- Teléfono móbil (operativo) na proba longa.
- Manta térmica.

- ❖ As penalizacións e descualificacións sobre o material obrigatorio serán as oficiais do [regulamento do ránking galego de Trail Running](#).

#### **Listaxe de material recomendado e opcional:**

- Curta ventos ou chaqueta impermeable.
- Tubular ou gorra.
- Sistema de hidratación na proba curta.

- ❖ O uso de auriculares ou elementos de igual índole non está permitido.

### **Art.10).- Premios.**

- A entrega de premios realizarase na Praza do Concello, a partir das 13:15 horas.
- Os tres primeiros atletas clasificados absolutos, Sub 23, Sub 20, Sub 18, Sub 16 e de cada unha das categorías Máster, masculinos e femininos, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.

### **Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:**


- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

### **Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.**

A Coruña, a 20 de xullo do 2026


Yolanda González Fernández  
Secretaria Xeral da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo

## Percorrido e perfil Carreira de Montaña Longa



Ligazón percorrido: <https://tracedetrail.fr/en/trace/340336>

## Percorrido e perfil Carreira de Montaña Curta



Ligazón percorrido: <https://tracedetrail.fr/en/trace/352187>